

**ELECCIÓN Á XUNTA DE GOBERNO
COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA
29 de abril de 2026**

En cumprimento do disposto no Artigo 46 dos Estatutos do COPG (Decreto 46/2021, do 4 de marzo da Xunta de Galicia. DOG nº 54, de 22 de marzo de 2021) a Xunta de Goberno acordou, na súa reunión do 27 de xaneiro de 2026, proceder á convocatoria de eleccións á Xunta de Goberno do COPG para o día 29 de abril de 2026.

As eleccións rexeranse e celebraranse de acordo co estipulado no Capítulo VIII dos Estatutos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (Decreto 46/2021, do 4 de marzo da Xunta de Galicia. DOG nº 54, de 22 de marzo de 2021), así como normativa legal vinculante.

1. CORPO ELECTORAL

Estará formado polo conxunto de colexiados e colexiadas pertencentes ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia o día da convocatoria das eleccións, sendo excluídos aqueles que teñan suspendidos os seus dereitos colexiais conforme ao establecido no Artigo 45 dos Estatutos.

O día da convocatoria publicarase no taboleiro de anuncios do COPG o censo de psicólogos/as con dereito a voto. As persoas colexiadas que desexaren formular reclamacións contra a devandita listaxe poderá facelo dentro do prazo dos cinco días seguintes á súa exposición (do 30 de xaneiro ao 5 de febreiro). No caso de existir reclamacións contra as listaxes, a Comisión Electoral resolverá sobre elas dentro dos tres días seguintes á expiración do prazo para formulalas.

O censo de colexiados/as incorporará os seguintes datos: número de colexiado/a, DNI, nome e apelidos, segundo figura na base de datos colexial o día da convocatoria das eleccións. Unha vez presentadas as candidaturas, estas terán acceso a unha copia dos censos.

2. CANDIDATURAS. REQUISITOS E PRESENTACIÓN

2.1 QUEN PODE SER CANDIDATO/A

De conformidade co Artigo 46 in fine dos Estatutos poderán ser candidatos/as os colexiados e colexiadas que, gozando da condición de electores, non estean incurso en prohibición ou incapacidade legal estatutaria e sexan proclamados de acordo coas normas e condicións estatutarias.

2.2 PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

Deberán presentarse candidaturas completas, pechadas e con expresión da persoa proposta para cada cargo, mediante escrito dirixido ao presidente da Comisión Electoral e avalado por un mínimo de 100 persoas colexiadas que con sinatura orixinal expresarán o seu apoio á presentación da candidatura. Ningunha persoa poderá prestar o seu aval a máis dunha candidatura (Artigo 47 dos Estatutos). O prazo para a presentación das mesmas remata o 14 de marzo de 2026.

O feito da presentación da candidatura presupón a aceptación das normas electorais, así como de todas as obrigas, compromisos, dereitos e prerrogativas que o cargo comporta consonte aos Estatutos e a lexislación vixente que sexa de aplicación.

Cando exista unha única candidatura proclamada, a proclamación equivalerá á elección, e esta, polo tanto, non haberá de efectuarse.

2.3 CAMPAÑA ELECTORAL

Os candidatos proclamados poderán efectuar, á súa costa, as actividades de campaña electoral axustadas ao ordenamento xurídico. A Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas do día 16 de decembro de 2025 aprobou o orzamento para o proceso electoral, consignando unha partida de 3.500 €, que cubrirá os gastos da edición da propaganda electoral das candidaturas validamente presentadas, ata unha contía máxima para cada unha resultante do reparto equitativo da partida orzamentaria indicada.

As facturas relativas aos gastos deberán ir emitidas a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e presentaranse na Administración do mesmo para o seu abono ao provedor correspondente. O Colexio difundirá, de se solicitar a propaganda electoral entre todos os colexiados e colexiadas, as cales haberán de ser presentadas na Secretaría do Colexio con data límite o 17 de abril.

3. COMISIÓN ELECTORAL

A Comisión Electoral, de acordo co disposto no Artigo 48 dos Estatutos, está formada por Don Luis Carlos Álvarez García, presidente da Comisión de Ética e Deontoloxía, Dona Marta Rivas Rodríguez, secretaria da mesma Comisión e Susana Blanco Fernández, vogal da devandita Comisión.

4. MESAS ELECTORAIS

Segundo o Artigo 49 dos Estatutos, constituirase unha mesa electoral formada por un presidente ou presidenta, dous vogais e un secretario ou secretaria que non sexan candidatos. A súa elección será mediante sorteo, a celebrar o día 10 de abril de 2026, supervisado pola Comisión Electoral entre as persoas colexiadas.

Cada candidatura poderá designar unha persoa interventora notificándoo por escrito dirixido á Comisión Electoral no prazo de vinte e catro horas anteriores ao inicio da votación. A non comunicación significará que a candidatura renuncia á designación.

Na mesa electoral haberá unha urna para o depósito de votos das persoas colexiadas. A urna deberá estar pechada, deixando unicamente unha apertura para depositar os votos.

5. CELEBRACIÓN DAS ELECCIÓNS

A votación terá lugar o día 29 de abril de 2026 en horario de 11:00 a 18:00 horas.

O día da votación existirá unha mesa electoral na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Deberase dispor do número suficiente de papeletas e sobres para exercer o voto.

Unha vez constituída a mesa electoral, o/a presidente/a indicará o comezo da votación e, á hora prevista para a súa finalización, pecharanse as portas e só poderán votar as persoas colexiadas que xa estivesen na sala. Os membros da mesa votarán en último lugar.

As persoas votantes deberán acreditar ante a mesa electoral a súa personalidade. A mesa comprobará a súa inclusión no censo elaborado para as eleccións, e o seu presidente/a pronunciará en voz alta o nome e apelidos do/a votante e indicará que vota, deseguido, o/a presidente/a introducirá a papeleta na urna correspondente.

6. FORMAS DE EXERCER O VOTO

Os electores poderán exercer o seu dereito a voto segundo as formas que se recollen a continuación:

6.1 VOTO PERSOAL

O voto exercitarase asistindo persoalmente á sede colexial na xornada electoral identificándose mediante DNI ou carné colexial, ou documento acreditativo da identidade legalmente recoñecido. Entregará ao/á presidente/a o sobre contendo a papeleta da candidatura elixida, quen unha vez comprobada a personalidade do votante e a súa condición de elector, o presidente introducirá na urna. O/A secretario/a deberá anotar nas oportunas listaxes o nome das persoas colexiadas que depositaron o seu voto.

6.2 VOTO POR CORREO

O voto poderá emitirse por correo postal certificado, garantindo a súa autenticidade, a súa efectividade e o seu carácter segredo, segundo o establecido nos apartados seguintes:

- a) O colexiado ou colexiada que queira facer uso do seu dereito a voto por correo certificado, previsto nos Estatutos do COPG, deberá solicitalo con carácter previo, a partir da data da convocatoria e ata o décimo día anterior ao da votación 15 de abril mediante solicitude dirixida á Comisión Electoral co fin de que se lle recoñeza a calidade de votante por correo. A antedita solicitude poderá realizarse ben persoalmente na Secretaría do COPG, logo da acreditación da súa personalidade, ou ben mediante correo postal no que se achegue unha fotocopia do seu DNI.

Unha vez que a Comisión Electoral reciba a solicitude, comprobarase a condición de colexiado/a e elector/a, efectuarase a anotación correspondente no censo e, de ser o caso, expedirase o certificado de inscrición. Se o día da votación o/a elector/a votase persoalmente na mesa electoral que lle corresponde, o voto recibido por correo será anulado.

- b) Por parte da Comisión enviaráselle ao enderezo que conste no Colexio Oficial de Psicoloxía, se a persoa interesada non facilita outra na solicitude de voto por correo, a documentación necesaria para votar:

- a. Papeletas de todas as candidaturas e sobre de votación.
 - b. Certificado de inscrición no censo electoral.
 - c. Sobre grande, impreso e numerado, coa lenda “Inclúe papeleta de voto por correo para as eleccións que se realizarán o día 29 de abril de 2026” e mais o enderezo do COPG.
- c) Dentro do sobre grande numerado, o/a elector/a introducirá o certificado acreditativo da súa condición de colexiado/a-elector/a e o sobre branco, no que deberá introducir unicamente a papeleta de voto, ou ben o sobre branco baleiro se quere votar en branco.

A devandita documentación será remitida por correo certificado ao enderezo da mesa electoral que aparece impresa no sobre grande.

Só se computarán os votos emitidos por correo certificado que reúnan os requisitos anteriormente establecidos e que teñan entrada na mesa electoral antes da hora de peche da votación.

7. ESCRUTINIO

Ao finalizar a votación, a mesa electoral comprobará que os votos enviados por correo, no prazo regulamentario, corresponden a electores e electoras que non o exerceron directamente, e procederá a continuación a abrir os sobres introducindo as papeletas na urna para o seu posterior escrutinio, e conservando os sobres.

Serán nulos os votos emitidos en sobre ou papeleta diferente do modelo oficial ou que séndoo, se producise calquera tipo de alteración (modificación, engadido, sinalado, tacha...), os emitidos en papeleta sen sobre, os sobres que conteñan máis dunha papeleta, ou calquera outro que por calquera causa xustificada determine a mesa electoral.

Finalizado o escrutinio o/a secretario/a da Mesa levantará acta das votacións e das súas incidencias, que deberá ser asinada por todos os membros da mesa e polas persoas interventoras se as houbese.

No prazo de vinte e catro horas o/a secretario/a remitirá ao/á presidente/a da Comisión Electoral as actas de votacións e as listas de votantes. A Comisión Electoral resolverá, con carácter definitivo, as reclamacións das persoas

interventoras e adoptará as decisións oportunas ante as demais incidencias rexistradas.

A mesa electoral comprobará que os votos enviados por correo no prazo regulamentario corresponden a colexiados/as que non o exerceron directamente, procedendo a continuación a abrir os sobres exteriores dos votos por correo introducindo os sobres brancos na urna para o seu posterior escrutinio, e conservará os sobres exteriores como proba potencial ante posteriores reclamacións e remitirá acta de votación á Comisión Electoral.

A Comisión Electoral fará públicos as listaxes das persoas votantes, con especificación expresa de quen o fixo por correo, durante dez días ao final dos cales e despois de resolver as reclamacións que puideran presentarse proclamará definitivamente os resultados e comunicaraos ás persoas colexiadas e á Consellería da Xunta de Galicia con competencia en materia de colexios profesionais.

8. REPETICIÓN DAS ELECCIÓNS

Cando á vista das incidencias ou queixas formuladas, a Comisión Electoral decida anular a votación, a Xunta de Goberno procederá a convocalas de novo para que se celebre no prazo máximo de dous meses, suspendéndose ata entón a proclamación dos resultados definitivos.

Cando unha vez contabilizados pola Comisión Electoral os votos validamente emitidos se produza un empate entre dúas ou máis candidaturas, a Xunta de Goberno procederá á convocatoria inmediata dun novo proceso electoral.

9. RECURSOS EN MATERIA ELECTORAL

As decisións da Comisión Electoral poden recorrerse nos prazos establecidos no Artigo 54 dos Estatutos sen prexuízo dos demais recursos previstos nas leis, que en calquera caso non paralizarán o proceso electoral nin a executividade das decisións recorridas, salvo sentenza firme.

10. ACLARACIÓNS FINAIS

Canto queda expresado refírese única e exclusivamente a aqueles puntos que se consideran destacados, a ter en conta na celebración das eleccións co beneficio que todo elo representa para o acto electoral. En ningún momento se limitará á estrita aplicación dos Estatutos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

ANEXO 1. CALENDARIO ELECTORAL